



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello
Día: 7 de agosto de 2014
Hora de comezo: 13.30 h
Hora de remate: 14.00 h

ASISTENTES:

Don Jesús Sanjúas Mera
Don Manuel Mouriño Varela
Don Jesús J. Santasmarinas Devesa
Dona Raquel García Fraga

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o Alcalde, don Jesús Sanjúas Mera, reuníronse os Concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos polo Secretario - Interventor accidental, don Juan Manuel Corral Sánchez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Solicitude de subvención á Consellería de Traballo**
- 3. Aprobación factura “subministro e colocación de sinais en madeira con poste de madeira”**
- 4. Xustificación subvención concedida pola Axencia de Turismo de Galicia para promoción da festa da Filloa de Lestedo 2014**
- 5. Disposición de fondos “II Concurso Morfolóxico Cabalar de Boqueixón 2014”**
- 6. Modificación no punto número 4 da Xunta de Goberno do 17/07/2014**
- 7. Aprobación e pagamento factura de transporte de alimentos**
- 8. Alta e baixas Xantar na Casa**
- 9. Incremento intensidade horaria SAF libre concorrencia**
- 10. Exención parcial na tarifa de participación do verán activo**
- 11. Alta saneamento**
- 12. Solicitude subvención para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas aditivas**
- 13. Reintegro a Juan José xxxxx**
- 14. Aprobación dos padróns de abastecemento e saneamento**
- 15. Aprobación de certificación de obras**

- 16. Aprobación de factura con cargo a subvención**
- 17. Proposta de legalización para rehabilitación de obras realizadas en vivenda**
- 18. Aprobación facturas**
- 19. Rogos e Preguntas**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 17 de xullo de 2013.

2.Solicitud de subvención á Consellería de Traballo

No DOG. Núm. 137 do 21 de xullo de 2014, foi publicada a ORDE do 9 de xullo de 2014 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2014.

A contía máxima da subvención que se concede para cada axente de emprego é o 25% dos custos salariais incluída a cotización á seguridade social, co límite máximo de 27.046 euros anuais.

O restante 75% do custo salarial corresponderalle ó Concello de Boqueixón asumilo. A presente Orde de convocatoria, tal e como establece o artigo 4ª, permite a compatibilidade con subvencións ou outras axudas públicas ou privadas, con independencia do seu importe, para a mesma finalidade, procedentes de fondos de políticas activas de emprego, para o cofinanciamento da aportación municipal. E en concreto, prevese solicitar unha axuda á Deputación da Coruña dentro do Programa de Promoción Económica para a anualidade 2015.

A citada Orde de convocatoria establece que a solicitude deberá acompañarse, entre outra documentación, dunha Memoria-Proxecto que desenvolverá o axente de emprego e desenvolvemento local nos termos establecidos no artigo 6º.1. IV.

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar a prórroga da contratación de 1 axente de emprego e desenvolvemento local (AEDL) polo período dun ano.
2. Aprobar o proxecto para o que se solicita a subvención.
3. Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar unha subvención de 5.495,13 euros para un gasto total de 21.980,52 euros para a prórroga de dita contratación
4. Dispor da financiación para costear a parte non subvencionada pola Consellería de Traballo e Benestar por importe de 16.485,39 euros.
5. O cálculo da subvención que se solicita está fixado en función do convenio colectivo de aplicación que é o do Concello de Boqueixón, publicado no DOG. Núm. 42, de 02/08/2005, e conforme este, o salario que se aboaríase á traballadora é, importe mensual, o da seguinte táboa:

Apelidos e nome AEDL	Titulación académica	Salario bruto mensual	G.C	CNA ocupación	Cotización Empresarial á SS.	Total salario+S.S mensual	Custo bruto anual	Subv. solicitada
F. S. Mª Cruz	Psicloxía clínica	1.386,61 €	1	a	445,10 €	1.831,71 €	21.980,52€	5.495,13 €

6 Comunicar este acordo á Consellería de Traballo e Benestar.

3.Aprobación factura “subministro e colocación de sinais en madeira con poste de madeira”

Con data do 31 de outubro de 2012 por Resolución de alcaldía solicitouse á Dirección Xeral de Conservación da Natureza unha axuda económica por importe de 20.000 € para *Acondicionamento do roteiro dos pescadores de Ledesma-Subcira-Donas* ó amparo da Orde do 28 de setembro de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a actividades, actuacións ou medidas de concellos incluídos na rede Natura 2000 e a súa convocatoria para os anos 2012, 2013, 2014 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (DOG. núm. 191 do 5 de outubro de 2012).

Con data do 04 de abril de 2013, o secretario xeral técnico por delegación do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas aproba unha subvención por importe de 13.860 € (IVE excluído) e establece as seguintes anualidades e prazos:

- anualidade do ano 2013: 6.930 €
- anualidade do ano 2014: 6.930 €

Con data do 27 de setembro de 2013 achegouse a documentación xustificativa da anualidade 2013 á Dirección Xeral de Conservación da Natureza e con data do 13 de decembro de 2013 foi ingresado a esta entidade, por orde do Fondo Galego de Garantía Agraria, na conta xxxxx de Novagaliciabanco o importe de 5.197,50 euros, e o importe de 1.732,50 euros. O que suma a cantidade de 6.930 euros.

Para a anualidade 2014 desenvolveuse entre outras actuacións a de sinalización con paneis direccionais.

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar, imputar e aboar a seguinte factura con cargo a citada subvención, tal e como segue:

Registro	Data Fact.	Núm. Fact.	.Razón Social/CIF	Actividade	Concepto	Importe Total a aboar (con IVE)	Importe Imputado á subvención (Sen IVE)
14/1336	15/07/14	4073	FPV/ CIF. xxxxx	Sinalización con paneis direccionais da ruta dos pescadores	Suministro e colocación de sinais en madeira en flecha con poste de madeira	2.716,79€	2.245,28 €

2. Comunicar este acordo á Tesourería do Concello de Boqueixón para que no prazo máximo do 15 de setembro de 2014 proceda a realizar o pago da factura reflectida no punto anterior.

4.Xustificación subvención concedida pola Axencia de Turismo de Galicia para promoción da festa da Filloa de Lestedo 2014

Con data 19 de maio de 2014 publicouse no DOG nº 94 a Resolución do 28 de abril de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia.

Mediante Decreto de alcaldía de data 6 de xuño de 2014, acordouse solicitar unha subvención para o “*Promoción e difusión da XXXI Festa da Filloa de Lestedo 2014*”.

Con data de 15 de xullo de 2014 (registro de entrada nº 14/1340) recíbese a Resolución da Axencia de Turismo de Galicia de data 11 de xuño de 2014, concedendo unha subvención de 2.558 € para a “*Promoción e difusión da XXXI Festa da Filloa de Lestedo 2014*” Nº Exp.: TU 500A2014/32- 1.

Á vista do cal, téndose cumpridos todos os requisitos necesarios para a xustificación da subvención concedida, a Xunta de Goberno acorda:

1. Que se cumpriu a finalidade da subvención mediante a realización da actividade para a que foi concedida.
2. Aprobar a conta xustificativa da subvención na que se fai constar os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación:

CONCEPTO	ACREEDOR	Nº FACTURA	IMPORTE	DATA EMISIÓN	DATA RECOÑECE MENTO
7 mandiles de honra	Salgueiral S.L.	S14/2	259,01 €	10/06/2014	16/06/2014
Cuñas radiofónicas Festa Filloa de Lestedo con Xenerais da Ulla (actuación durante a Festa da Filloa)	Cadena Cope	071 02 00007	605 €	31/03/2014	15/05/2014
Promoción prensa escrita Festa da Filloa	El Correo Gallego	P 401.820	272,25 €	31/03/2014	15/05/2014
Promoción prensa escrita Festa da Filloa	El Correo Gallego	P 401.819	90,75 €	31/03/2014	15/05/2014
Promoción prensa escrita Festa da Filloa	El Correo Gallego	P 401.239	605 €	10/03/2014	26/03/2014
Campaña promocional spot coa Festa da Filloa (campaña anual)	Santiago TV	P0000013	726 €	31/01/2014	26/03/2014
TOTAL GASTO.....			2.558, 01 €		

3. Aprobar a memoria descritiva das accións realizadas para as que foi concedida a axuda.
4. Que posto que a festa xa se celebrou o 9 de marzo de 2014, a entidade executou a publicidade da colaboración financeira da Xunta de Galicia e Axencia de Turismo de Galicia na páxina web desta entidade.
5. Comunicar este acordo á Axencia de Turismo de Galicia.

5.Disposición de fondos “II Concurso Morfolóxico Cabalar de Boqueixón 2014”

O 10 de agosto vaise celebrar o II Concurso Morfolóxico Cabalar de Boqueixón 2014, que foi aprobado por Xunta de Goberno con data do 24 de abril de 2014.

Para o desenvolvemento do evento precísase aboar a cada un dos premiados (premios por sección que veñen establecidas nas bases aprobadas con data do 24 de abril) unha cantidade económica que será entregada ós gañadores durante a xornada do día 10 de

agosto, e que ascende a un total de 3.675 euros (15 secciones con tres premios (1º premio de 100 euros , 2º premio de 75 euros, 3º premio de 50 euros) máis un premio especial “Mellor equino P.R.E nacido e criado en Galicia” de 300 euros).

Tamén é preciso facer entrega de 276,50 euros (cantidade resultante de aplicar a dedución do 21% IRPF sobre unha base imponible de 350 euros) a cada un dos tres xuíces do concurso que foron nomeados por Decreto de alcaldía con data do 22 de xullo de 2014. O que suma un total de 829,50 euros.

A suma total dos importes económicos requeridos é de 4.504,50 euros.

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Dispor dos fondos necesarios para facer os pagos arriba mencionados por un importe total de 4.504,50 euros.
2. Dar conta do acordo á Tesourería do Concello.

6.Modificación no punto número 4 da Xunta de Goberno do 17/07/2014

No punto 4 da orde do día da xunta de goberno de data 17 de xullo de 2014, en relación a alta axuda no fogar por libre concorrencia, onde di: **infórmase** a xunta de goberno da alta no servizo de axuda no fogar por libre concorrencia a nome de: José xxxxx, tiña que dicir:

Logo de ver o informe da traballadora social, no que **propón** dar de alta no Servizo de Axuda no fogar, por libre concorrencia, a: don José xxxxx, veciño de Oural, cunha intensidade horaria mensual de 20,88 horas.

Por todo isto, e quedando a modificación feita, a Xunta de Goberno acorda:

Prestarlle servizos de axuda no fogar por libre concorrencia a nome de:

- Don José xxxxx, con DNI: xxxxx, veciño do lugar de xxxxx parroquia de Oural, **cunha intensidade horaria mensual de 20,88 horas.**
- Que recibirán as prestacións indicadas no informe da traballadora social e nas condicións que neste se estipula.
- Que, de proceder taxa, será revisada anualmente segundo a variación económica beneficiario e custo salarial do servizo.
- Dar conta deste acordo ao departamento de servizos sociais

7.Aprobación e pagamento factura de transporte de alimentos

O día 23 de xullo de 2014, co núm. 14/1387 tivo entrada no rexistro deste Concello a factura correspondente ó gasto ocasionado polo transporte de alimentos (“Cruz Roja”) desde A Coruña ata Boqueixón, realizado pola empresa “GALITRANS-96, SL.”.

Este gasto, ocasionada polo transporte, farase *con cargo á subvención de emerxencia social da Deputación de A Coruña.*

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar a factura nº CR 13/14 e con rexistro de entrada número 14/1387 da empresa “GALITRANS-96, S.L.” polo concepto de transporte de alimentos (“Cruz Roja”) desde A Coruña ata Boqueixón, **por importe de 363 €.**
2. Aprobar o pagamento da mencionada factura, que se fará **con cargo á subvención de emerxencia social da Deputación de A Coruña.**
3. Dar traslado deste acordo a intervención para o seu coñecemento e efectos.

8. Alta e baixas Xantar na Casa

- Alta Programa Xantar na Casa

Logo de ver o informe emitido pola traballadora social, no cal propón, dar de alta no programa xantar na casa, a don Manuel Jesús xxxxx, veciño do lugar de xxxxx parroquia de Lestedo,

Por isto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Dar de alta no programa xantar na casa, a don Manuel Jesús xxxxx, con DNI: xxxxx, veciño de xxxxx, parroquia de Lestedo.
2. A aportación do/a mencionado/a usuario/a, será aplicada directamente pola empresa existente para este servizo.
3. Notificar este acordo o/a interesado/a.

- Baixas Programa Xantar na Casa

Na xunta de goberno de data 16/05/2012, foron dados de alta no servizo xantar na casa, dona Clara María xxxxx e don Maximino xxxxx, veciños da parroquia de Gastrar.

A traballadora social propón a súa baixa, que foi solicitada pola súa filla, ao dispoñer, a partir da vindeira semana, dunha auxiliar no domicilio que se encargará de facerlle o xantar.

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Dar de baixa no servizo xantar na casa, a dona Clara María xxxxx, con DNI: xxxxxx veciña do lugar de xxxxxx parroquia de Gastrar, ao dispoñer, a partir da vindeira semana, dunha auxiliar no domicilio que se encargará de facerlle o xantar.
2. Dar de baixa no servizo xantar na casa, a don Maximino xxxxx, con DNI: xxxxx veciño do lugar de xxxxx parroquia de Gastrar, ao dispoñer, a partir da vindeira semana, dunha auxiliar no domicilio que se encargará de facerlle o xantar.
3. Notificar este acordo o/a interesado/a.

9. Incremento intensidade horaria SAF libre concorrencia

Logo de ver o informe da traballadora social, no que propón o incremento da intesidade horaria do *Servizo de Axuda no fogar*, por libre concorrencia, de 2,16 horas a 4,16 horas mes, a nome de: don Ramón xxxxx, veciño de Ponteledesma.

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

1. **incremento da intesidade horaria do servizo de axuda no fogar por libre concorrencia a nome de:**

- Don Ramón xxxxx, con DNI: xxxxx, veciño do lugar de xxxxx parroquia de Ponteledesma, **pasando de 2,16 horas mes, a unha intesidade horaria mensual de 4,16 horas.**

2. Que recibirán as prestacións indicadas no informe da traballadora social e nas condicións que neste se estipula.
3. Que, de proceder taxa, será revisada anualmente segundo a variación económica beneficiario e custo salarial do servizo.
4. Notificar este acordo o/a interesado/a.

10.Exención parcial na tarifa de participación do verán activo

Con data 24 de xullo de 2014 concédeselle, mediante Decreto de alcaldía, a exención do 80% con respecto ao custo total das actividades de Campus deportivo e Verán activo (durante o mes de xullo) ao menor Gael xxxxx, logo de ser solicitado pola súa nai Iria xxxxx, con DNI xxxxx.

Logo de ver o informe da traballadora social, no que se constata que o menor continuará participando no Verán activo durante a segunda quincena do mes de agosto,

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda

1. Conceder a exención do 80% con respecto a custo total da actividade, correspondéndolle aboar o total de 4 € pola asistencia durante a segunda quincena de agosto ao Verán activo.
2. Notificar este acordo á interesada.

11.Altas saneamento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros, segundo o Regulamento do Servizo Municipal de Saneamento, inclúense como beneficiario de dito servizo ó usuario que se relaciona a continuación:

Nome	DNI	Lugar	Taxa
Manuel Jesús xxxxx	xxxxx	xxxxx-Lestedo-Boqueixón	54,81 €

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

1. **Dar de alta** no Servizo de Saneamento ó usuario que se detallan na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de sumidoiros. Dita taxa xa consta ingresada nas arcas municipais polo propio interesado no número de conta, xxxxx(ABANCA), achegase xustificante da transferencia realizada.
2. **Notificar** este acordo o interesado.

12.Solicitud de subvención para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas aditivas

No DOG número 133 do día 15 de xullo de 2014, publícase a Orde do 4 de xullo de 2014 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas aditivas promovidos por concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria.

O período subvencionable abranguerá desde o **1 de abril de 2014 ata o 31 de maio de 2015**. O prazo máximo para a xustificación da subvención será ata o 1 de xullo de 2015.

Dado que o proxecto presentado deberá abraguer unha área de actuación mínima de 10.001 habitantes e este programa se leva realizando dende hai varios anos conxuntamente con Teo e Touro, e de cara a acadar un maior aforro de custos, solicítase a inclusión dos mesmos para a citada convocatoria, para o cal dan a súa aceptación e consentimento segundo se expresa no anexo II da citada orde.

O proxecto solicitado denomínase **“Proxecto de prevención de drogodependencias e condutas aditivas no eido local”** e inclúe programas no ámbito escolar, familiar e xuvenil nos concellos de Boqueixón, Teo e Touro.

O artigo 7.1 de dita Orde establece que “a contía da subvención non poderá ser superior á cantidade solicitada ou, ao 95% do orzamento total do proxecto para o cal se solicita a subvención”. A contía total do proxecto é de 45.000 euros e o concello deberá aportar como mínimo 2.250 euros.

Dado que ademáis se cumpren todos os requisitos fixados no artigo 3 da citada convocatoria, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Solicitar unha axuda por importe total de 42.750 €.
2. Dispoñer dos fondos necesarios para facer fronte a achega municipal mínima de 2.250 €.
3. Acreditar como representante legal ó alcalde do Concello de Boqueixón, don Jesús Sanjuás Mera.
4. Aprobar a memoria do proxecto (anexos III.a e III.b) cuxo presuposto ascende a 45.000 €.
5. Non solicitar ningunha outra axuda para o mesmo proxecto procedente das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos, privados, nacionais ou internacionais.
6. Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade.

13.Reintegración a Juan José xxxxx

Na Xunta de Goberno ordinaria que tivo lugar o día 5 de xuño de 2014 adoptouse o acordo de reintegrar a don José Juan xxxxx a cantidade de **261 €**, correspondente á actividade “Viaxe á Ruta do Quixote”, que indebidamente ingresou na conta do concello cando debería habela ingresado na conta da Axencia de Viaxes “Galaecia Viaxes”.

Por un erro, á hora de proceder a esta devolución e en lugar de ingresar este importe na conta bancaria de don José Juan xxxxx, efectuouse na conta xxxxx titularidade do propio Concello de Boqueixón.

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1. Reintegrar a don **José Juan xxxxx** a cantidade de **261€** no número de conta **xxxxx**
2. Comunicar este acordo a don José Juan xxxxx.

14. Aprobación dos padróns de abastecemento e saneamento

A empresa Espina y Delfin, adxudicataria dos servizos de auga e saneamento, fixo entrega dos padróns para a correspondente aprobación por parte desta entidade, tal e como se transcribe nos correspondentes pregos de cláusulas que rexeron as contratacións dos dous servizos.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar os padróns de abastecemento de auga e saneamento que no 2º trimestre do ano terían os seguintes aboados:

Servizo de abastecemento de auga :1.024

Servizo de saneamento: 1.328

Expoñer ó público para que se poidan realizar as correspondentes alegacións e publicalo no BOP

15. Aprobación de certificación de obras

Expediente: Camiño AC-960 a Ponte (por Abeleira) e outros

Importe adxudicación: 156.090,00 euros

Procedemento/ Forma: Negociado sin publicidade

O día 21 de abril de 2014, esta entidade asinou un contrato coa empresa Hnos. Couto Fandiño para a realización da obra denominada “Camiño AC-960 a Ponte (por Abeleira) e outros” por importe de 156.090,00 euros. Esta obra está financiada pola Deputación da Coruña cunha achega máxima de 125.217,21 euros, que representa o 80% do custo total.

Na Xunta de Goberno do día 3 de xullo aprobouse a certificación núm. 1 da dita obra por importe de 76.019,59 euros, así como a correspondente factura núm. 51/2014 emitida o día 25 de xuño de 2014 polo mesmo importe. O pagamento foi realizado á empresa o día 15/07/2014.

O día 30 de xullo a empresa adxudicataria presenta a certificación núm. 2 e final por importe de 80.070,41 euros. Acompáñase a correspondente acta de recepción das obras.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a certificación núm. 2 e final da obra denominada “Camiño AC-960 a Ponte (por Abeleira) e outros” por importe de 80.070,41 euros, así como a correspondente factura núm. 64/2014 emitida o 30 de xullo de 2014 polo mesmo importe que a certificación.

Comunicar a Tesourería que se realice o pagamento con cargo á subvención que se reciba de Deputación

Dar por finalizada a execución da obra e enviar a correspondente documentación á Deputación da Coruña para os efectos do cobro da subvención.

16.Aprobación de factura con cargo a subvención

Deputación da Coruña

Rede Cultural 2014

Ano 2014

Importe da subvención: 455,00 euros

O día 2 de xullo de 2014, recíbese a resolución da Deputación onde se conceden as subvencións correspondentes á Rede Cultural 2014.

O día 29 de xullo ten entrada no rexistro a factura emitida por Garabato de Xogos por importe de 650,00 euros por unha actuación realizada a través da Rede Cultural da Deputación dentro do programa para compañías de danza profesionais e outras actividades

Segundo a resolución, o caché da obra é de 650,00 euros, dos que 455,00 euros serán aboados pola Deputación e 195,00 euros son a cargo do concello.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a factura núm. 1407 emitida por Garabato de Xogos polo concepto de actuación representando o espectáculo “Popin Palomero” nas instalacións do Forte o día 18 de xullo de 2014 por importe de 650,00 euros.

Facer o pagamento da factura con cargo á subvención especificada.

17.Proposta de legalización para rehabilitación de obras realizadas en vivenda

Expediente: 14/943, de data do 21 de maio de 2014

Promotor: PATRIMONIAL FERANPE S.L.

Situación: CUSANCA - LESTEDO (CONCELLO DE BOQUEIXÓN)

Proxecto: **LEGALIZACIÓN PARA REHABILITACIÓN DE OBRAS REALIZADAS NUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA EXISTENTE**

Con data do 21 de maio de 2014 (rexistro de entrada núm. 14/943), a nome de PATRIMONIAL FERANPE S.L., con CIF nº. xxxxx, preséntase un expediente de LEGALIZACIÓN PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA EXISTENTE, situada no lugar de Cusanca, na parroquia de Sta. María de Lestedo, e emprazada urbanísticamente en SOLO NON URBANIZABLE COMÚN, segundo as vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal do Concello de Boqueixón (SOLO RÚSTICO, segundo a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e posteriores modificacións).

Ao tratarse dun uso en solo rústico, autorizable pola Comunidade Autónoma, e tendo en conta o procedemento que se establece no artigo 41, da Lei 9/2002 do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e posteriores modificacións, o expediente permaneceu exposto ao público durante 20 días, no taboleiro de anuncios do concello, e mediante anuncio no periódico “*el correo gallego*” (publicado con data do 20/06/2014), **non presentándose alegacións o mesmo.**

Considerando que o proxecto técnico presentado, reúne os requisitos esixibles, e que as obras de legalización propostas, poderían ser legalizables, a Xunta do Goberno Local,

Órgano Municipal que ten atribuída a competencia para outorgar as licenzas de obra, con data do 7 de agosto de 2014, a Xunta de Goberno acorda:

1. Ratificar o informe técnico que emite a arquitecta María Carmen Novoa Sío, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, con data do 3 de xuño de 2014, relativo á solicitude de legalización presentada por Patrimonial Feranpe S.L.
2. Dar traslado do expediente completo á Consellería competente en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, aos efectos previstos no artigo 41 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e posteriores modificacións.

18.Aprobación facturas

Por unanimidade acórdase aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de 95.911,69 euros e que a continuación se relacionan e desagregan nos seguintes listados:

Aprobar as seguintes facturas domiciliadas:

Núm	Proveedor	Texto Explicativo	Prog.	Econ.	Importe
1	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	Consumo eléctrico depuradora de Orto mes de maio	161	22100	6.076,41 €
2	SOC. EST. CORREOS Y TELEGRAFOS, S.A.	Servizo correos mes de xuño	920	22200	220,05 €
3	RICOH ESPAÑA S.L.U.	Exceso fotocopias marzo-maio	920	21300	1.525,12 €
4	COMPOSTELA DIGITAL S.L.	Mantemento informático mes de xuño	920	21300	600,00 €
5	COMPOSTELA DIGITAL S.L.	Servizo de mantemento informático mes de xullo	920	21300	600,00 €
6	RICOH ESPAÑA S.L.U.	Mantemento fotocopiadoras mes de xullo	920	21300	805,84 €
7	ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.	Asistencia técnico/urbanística 1-14 de maio	920	22706	908,56 €
8	ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.	Asistencia técnico/urbanística do 15-31 de maio	920	22706	1.051,72 €
9	ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.	Asistencia técnico/urbanística mes de xuño	920	22706	1.917,85 €
10	VODAFONE ESPAÑA, S.A.U.	Servizo de mensaxe do 15/06-14/07	920	22200	14,88 €
11	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Consumo telefónico L.S. de Lestedo-Gardería mes de xuño	920	22200	47,40 €
12	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Consumo telefónico Centro de Saúde de Lestedo mes de xuño	920	22200	26,28 €
13	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Consumo telefónico Fax mes de xuño	920	22200	47,40 €
14	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Consumo telefónico centraliña mes de xuño	920	22200	498,08 €
15	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Consumo telefónico alarma mes de xuño	920	22200	28,55 €
16	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Consumo telefónico correos mes de xuño	920	22200	23,47 €
17	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Consumo telefónico P. civil mes de xuño	920	22200	29,14 €
18	MONTAXES ELECTRICOS FERNANDEZ, S.L.	Mantemento alumado publico mes de xuño	150	21200	3.771,17 €
				TOTAL	18.191,92 €

Facturas pendentes de pagamento

Núm	Proveedor	Texto Explicativo	Prog.	Econ.	Importe
1	ULLA OIL, S.L.	Gasoil depósito municipal	130	22103	3.792,36 €
2	RIO BLANCO, S.L.	Piscina municipal	341	21200	504,63 €
3	NEIRA CRISTOBO, YOLANDA	Liquidación de gastos	920	23020	14,00 €
4	GRAFICAS VEDRA, S.L.	Medallas para curso de natación	341	22609	117,07 €
5	VAZQUEZ FERNANDEZ, MARIA DEL CARMEN	Compras alimentación garderia municipal mes de maio	231	22199	322,86 €
6	FERLIÑO S.L.	Aluguer de cortadora de xuntas formigón-asfalto	453	21200	229,90 €
7	GALITRANS-96, S.L.	Transporte alimentos cruz vermella	231	48000	363,00 €
8	PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS, S.L.U.	Bacheado pistas municipais	453	21200	846,32 €
9	HERMANOS VILLAR, S.L.	Tapa rotor cabezal	163	22199	40,03 €
10	LAREO CALVO, BENEDICTO - PARRILLADA A CAÑIZA	Comidas campus deportivo	334	22609	990,00 €
11	SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1, S.L.	Mantemento extintores 1º semestre	920	21200	623,33 €
12	ASOCIACIÓN XOLDRA FOLCLORE TRADICIONAL	Actuación musical encontro de maiores	924	22699	500,00 €

13	ULLA OIL, S.L.	Gasoi depósito municipal	162	22103	2.761,43 €
